

Autor e ilustrador: **PABLO PRESTIFILIPPO**

Encadernado en cartón
40 páxinas a toda cor. 16x16 cm.
Caixón de Textos Infames
Dispoñible en:

- Galego: "Manual de calcetíns salvaxes"
ISBN 978-84-8464-508-5
 - Castelán: "Manual de calcetines salvajes"
ISBN 978-84-934641-6-5
- Prezo: 10 €

MANUAL DE CALCETÍNS SALVAXES

Que é un calcetín salvaxe? É un calcetín que está tecido con la salvaxe. Adoita vivir cun neno ou nena, gústalle ir ao seu aire e ten modais pouco sofisticados.

Orixinal, divertida e extravagante proposta literaria sobre a vida e milagres dunha prenda moi peculiar que non debe faltar no gardarroupa de ningún lector audaz: o calcetín salvaxe, tecido de pura la salvaxe, de ovella salvaxe.

O autor e ilustrador deste libro realiza un completo exercicio de 'bioloxía textil', abordando as orixes, a anatomía e os hábitos desta especie tan abundante e ao mesmo tempo tan descoñecida. Amósanos detalles curiosos da súa vida como o costume de durmir enroscado en forma de nobelo, o pavor á auga e o gusto polos alimentos rancios.

Quen mellor pode falar dos calcetíns salvaxes é o propio autor, que conta en primeira persoa a historia de como un calcetín salvaxe arriscou a vida para salvar a súa. A experiencia deu pé a este manual que nos facilita as claves para poder convivir con estas bestas.


Así, descubrimos tamén que son de aspecto suxo e fedorento, que padecen repentinos ataques de mal xenio e que mesmo poden saquearnos a neveira no momento máis imprevisible. Pero sexa de pelo curto ou lanudo, de raza gruier ou camaleónica, o calcetín salvaxe "tamén ten o seu corazónciño".

PABLO PRESTIFILIPPO (Buenos Aires, 1960)

Estudou Comunicación Social en Arxentina e traballou durante varios anos en axencias de publicidade. Tamén realizou ilustracións para revistas como *Noticias*, *PlayBoy*, *Greca* ou *Cosmopolitan*. En 1993 publicou en Arxentina o seu primeiro traballo de ilustración infantil, especialidade á que actualmente se dedica en exclusiva. Traballou para editoriais como Edebé, SM, Everest, Gaviota e KALANDRAKA. Nesta última publicou os álbums titulados "Que parbos son os camaleóns" e "Veciños".

O caixón de TEXTOS INFAMES en FAKTORÍA K inaugúrase con esta obra de lenguaje intrépida e irónica que fará sonrir a lectores pequenos e grandes. Prestifilippo asina un libro baseado no absurdo, ante a situación imaxinaria de que os calcetíns cobran vida. Nunha segunda lectura, o autor burlase do propio ser humano que -como os calcetíns- ten a cabeza onde os pés e ás veces culpa dos seus erros aos obxectos máis inverosímiles do contorno.

Prestifilippo publicou a súa segunda obra neste caixón, titulada "Instrucións para espertar unha cadeira durmida".



- **Temática:** crecemento
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** a técnica da ilustración é óleo mesturado con terra sobre papel; a súa segunda obra neste caixón é "Instrucións para espertar unha cadeira durmida"
- **Aplicacións:** creatividade, absurdo, ironía